



GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO I-VIII**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO I-VIII										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Música antiga (Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco)	
CARÁCTER								TIPO DE CLASE		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	1 2	Observacións:	
									1'5h	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior; e para os cuadrimestres seguintes, os adquiridos no cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Obter unha formación práctica, teórica e metodolóxica que permita o perfeccionamento das capacidades artísticas, musicais e técnicas, para abordar interpretación do repertorio solista dos instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco.	Todas
Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento dunha interpretación estética e estilisticamente axeitada á práctica historicamente informada.	Todas
Dominar a tablatura de letras e cifras propia do repertorio destes instrumentos. Coñecer a teoría e a aplicación práctica dos diferentes temperamentos históricos para afinar os distintos instrumentos.	Todas
Adquirir e aumentar progresivamente a capacidade de lectura a primeira vista dun repertorio adecuado ao nivel.	Todas
Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais, as fontes históricas e as novas tecnoloxías para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.	Todas
Potenciar a motivación e a implicación coa obra para acadar unha interpretación ao máximo nivel de comunicación expresiva.	Todas
Desenvolver os propios criterios estéticos, sensibilidade, recursos expresivos, creatividade e capacidade de autocrítica.	Todas



Desenvolver o control en público das tensións físicas e mentais e a sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes dentro do respecto ao texto.	
--	--

4. CONTIDOS

Técnica: Perfeccionamento do sonido base, de toda a gama de articulacións e fraseado e do equilibrio entre ataque e resonancia. Afondar no estudo da dicitación e a súa problemática. Posición, control e respiración.

O estilo e forma: Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, timbres, articulación tempo e agónica e a súa adecuación aos diferentes estilos e épocas. Aplicación das regras de ornamentar de acordo coas esixencias das distintas épocas e estilos. Utilización dos recursos idiomáticos característicos de cada instrumento (figueta, campanelas, rasgueos, brisé, etc.)

A Interpretación: Preparación dun programa integrado por repertorio solista que inclúa obras de estilos e autores distintos, a lo menos cun instrumento do Renacemento e outro do Barroco. Perfeccionamento da concentración, control da tensión física e da respiración nas actuacións en público. Adestramento permanente e progresivo do xesto en relación co texto musical. Adestramento permanente e progresivo da comunicatividade e da potencia expresiva. Emprego das novas tecnoloxías para potenciar a creatividade.

Audicións: Interpretación -nas audicións públicas organizadas polo departamento- dun programa integrado por repertorio solista, cunha duración mínima axeitada a cada curso que inclúa obras de estilos e autores distintos, a lo menos cun instrumento do Renacemento e outro do Barroco en cada curso, mostrando control técnico do instrumento e coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Exame	Presenciais	Ao final do cuadrimestre
Titorías	Presenciais	Esporádicamente
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*